

DÍA DE ROSALÍA 2021

“Teus doces cantares”

FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL (OURENSE) –
VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE (CAMPUS AUGA) - AELG
UNIVERSIDADE DE VIGO



LUGAR DE

CELEBRACIÓN: Campus de Ourense

DATAS DE

CELEBRACIÓN: dende o 24 de febreiro ata o 14 de abril de 2021

PROFESORADO

PARTICIPANTE E DINAMIZADOR DAS DIFERENTES

ACTIVIDADES

REALIZADAS CO

ALUMNADO: Almudena Alonso, Violeta Cebrián e Olalla García (Novas tecnoloxías); Julio Alonso e Rosi Vicente (Educación Musical); Xosé Constenla (Didáctica das Ciencias Sociais); Fernando Dacosta, Mercedes González e Ana Iglesias (Lingua e Literatura galegas); Noelia Estévez (Lingua española), Isabel Mociño e Mar Fernández

(Didáctica da Lingua e da Literatura). **Colaboración** de Filemón Rivas (Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga); Mercedes Gómez (Biblioteca Rosalía de Castro do Campus de Ourense-Campus Auga).

DESTINATARIOS/AS: alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social, alumnado do Campus Universitario de Ourense e sociedade en xeral.

PARTICIPANTES: alumnado das diferentes materias dos grados de Educación Infantil e Primaria da Facultade de Educación e Traballo Social (Campus de Ourense-

Campus Auga); ex-alumnos e alumnas da Uvigo na diáspora (Europa); profesorado de lingua, literatura e cultura galegas no exterior (Europa e América); profesorado doutras universidades de diferentes lugares do mundo.

ENTIDADES ORGANIZADORAS: Facultade de Educación e Traballo Social, Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga, Biblioteca Rosalía de Castro do Campus de Ourense, Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS:

- Visibilizar a figura e salientar a actualidade da obra de Rosalía de Castro entre o alumnado e comunidade universitaria do Campus de Ourense.
- Divulgar experiencias pedagóxicas e producións literarias que contribúen a aproximar os clásicos e as efemérides sociais ás xeracións máis novas.
- Fomentar a colaboración e participación activa do alumnado de Educación Infantil e Primaria en eventos culturais, experiencia que servirá como exemplo de dinamización para trasladar ao seu contexto laboral no futuro profesional.
- Integrar nos currículos académicos accións ao redor da literatura galega, propias do contexto de desenvolvemento do alumnado, dende unha perspectiva transversal e interdisciplinar.
- Fomentar a toma de conciencia entre o alumnado, mediadores e público en xeral da importancia de celebrar as efemérides e darlle sentido de cohesión social.
- Dinamizar accións que contribúan á normalización cultural no ámbito educativo e social.

PROGRAMA

Dada a actual situación sanitaria todas as accións foron levadas a cabo de modo virtual. As liñas de actuación comprenderon propostas diversas e adaptadas aos intereses do alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense, que se concretizaron en tres bloques principais:

I. A DIÁSPORA. DE ROSALÍA AO SÉCULO XXI. UNHA CONSTANTE NO TEMPO

Esta iniciativa componse de vídeos nos que se van lendo fragmentos do manifesto redactado pola autora Anna R. Figueiredo e publicado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega, promotores desta efeméride. Tamén se leron e cantaron versos de Rosalía de Castro relacionados coa experiencia da diáspora.

Os resultados publicáronse no portal educativo de UvigoTv (<https://tv.uvigo.es/series/603513547f453879a23d2c2b>) e tamén na páxina web da Facultade de Educación e Traballo Social (<http://fcce.uvigo.es/gl/evento/rosalia-de-castro-teus-doces-cantares/>)

II. TEUS DOCES CANTARES. 12 MESES, 12 ESTROFAS

A partir do poema “Miña santiña, miña santasa! os docentes implicados traballaron coas diferentes estrofas do poema co seu alumnado (gravacións a diferentes voces, unha única voz, empregando elementos das novas tecnoloxías, caracterizacións...).

Resultados no portal educativo de UvigoTv (<https://tv.uvigo.es/series/603513547f453879a23d2c2b>) e tamén na páxina web da Facultade de Educación e Traballo Social (<http://fcce.uvigo.es/gl/evento/rosalia-de-castro-teus-doces-cantares/>)

III. DO SANTIAGO DO 53, AO OURENSE DO 21; DO CÓLERA Á COVID: REPENSAR/RELER O MUNDO DA POSPANDEMIA

Co obxectivo de repensarmos o mundo que habitamos, pedimos ao alumnado que relea a realidade que virá como futuro próximo: a nosa relación coa natureza, cos iguais, coa vida, coa escola ou co rural. A crise é unha oportunidade para mellorar. É preciso pensar nese futuro dende unha perspectiva positiva, esperanzada, tal como fixo Rosalía no seu momento. Para compartir esta proposta graváronse vídeos nos que:

- a. *Elixir algún(s) poema(s) ou frases do manifesto para desenvolver esa breve reflexión sobre o futuro a medio prazo.*
- b. *Empregar algún poema de Rosalía ou versos para explicar como a poesía nos pode salvar das traxedias, das pandemias, do desánimo.*
- c. *Construír o relato do que será unha nova realidade para cada unha/un de nós a partir da obra de Rosalía, do seu espírito rachador, libre e avanzado, con particular atención ao medio rural e á escola rural (sobre todo como futuras docentes da Facultade; temática máis libre para outras persoas e contextos).*

Resultados no portal educativo de UvigoTv (<https://tv.uvigo.es/series/603513547f453879a23d2c2b>) e tamén na páxina web da Facultade de Educación e Traballo Social (<http://fcce.uvigo.es/gl/evento/rosalia-de-castro-teus-doces-cantares/>)

A seguir recóllese a difusión nos medios de prensa e redes sociais:

DUVI (19/02/2021). A celebración do Día de Rosalía pasa este ano a formato dixital., en <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/celebracion-dia-rosalia-pasa-ano-formato-virtual>

La Voz de Galicia (20/02/21). Celebración virtual del Día de Rosalía, en https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2021/02/20/celebracion-virtual-dia-rosalia/0003_202102020C10993.htm

OcioOurense (24/02/2021). <http://ocioengalicia.com/ourense/dia-de-rosalia-2021/>

AELG. <https://www.aelg.gal/actividades/dia-de-rosalia-de-castro/2021/2/23/dia-de-rosalia-de-castro-2021>

DUVI (22/04/21). <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/audiovisuais-rosalia>

Redes sociais: <https://www.facebook.com/watch/?v=355643532163599>

ANEXOS

Reparto poema “Miña Santiña” por estrofas

Miña Santiña

Isabel Mociño

Miña Santiña, miña santasa,
miña cariña de calabasa:
hei de emprestarvos os meus
pendentes,
hei de emprestarvos o meu collar;
hei de emprestarcho, cara bonita,
si me dependes a puntear.

María Mercedes González

-Costureiriña comprimenteira,
sacha no campo, malla na eira, lava no
río,
vai apañar toxiños secos antre o pinar.

Almudena

Así a meniña
traballadora
os punteados
deprende ora.

Ana Iglesias

-Santa Santasa,
non sos comprida,
decindo cousas
que fan ferida.

Faláime sólo
das muiñeiras,
daquelas voltas
revirandeiras
daqueles puntos
que fan agora
de afora adentro,
de adentro afora.

Fernando Dacosta

-Costureiriña
de carballal,
colle unha agulla,
colle dun dedal;
cose os buratos
dese teu cóis,
que andar rachada
non manda Dios.
Cose, meniña,
tantos furados
i ora non penses
nos punteados.

Rosa María Vicente

-Deixa de “lerias”,
que o que eu quería
era ir cal todas
á romería.
¡l alí con aire

dar cada volta!
Os ollos baixos,
a perna solta.
Pes lixeiriños,
corpo dereito.
¡Pero, Santiña...,
non lle dou xeito!

Mercedes (Biblioteca)

Non vos metades
pedricadora;
bailadora;
bailadoriña
facéme agora.

Filemón

Vós dende arriba
andá correndo;
facede os puntos,
i eu adeprendo.

Julio

Andá, que peno
polos penares...
Mirái que o pido
chorando a mares.

Mar

-¡Ai da meniña!
¡Ai da que chora,
ai, porque quere
ser bailadora!

Noelia

Costureiriña,
n'hei de ser, n'hei,
quen che deprenda
tan mala lei.

Xosé Constenla

-¡Ai, qué Santasa!
¡Ai, qué Santona!
Ollos de meiga,
cara de mona,
pór n'hei de pórch
os meus pendentes,
pór n'hei de pórch
o meu collar,
xa que non queres,
xa que non sabes
adeprenderme
a puntear.

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2021, de Anna R. Figueiredo

1.

Miña Santiña, miña santasa, miña cariña de calabasa: hei de emprestarvos os meus pendentes, hei de emprestarvos o meu collar. Todo iso che hei de dar, santa, se me deixas bailar, todo iso. As fotos do *instagram*, os vídeos en directo, o *streaming* das voces, os *reels* e o *youtube*.

2.

Todo iso, santiña, che empresto se me deixas bailar, se me deixas tirar o pano, abrir a boca, bicar, apertar, atopar, ir á festa, danzarlle ao punto... miña santasa coa cariña linda de calabasa, déixame ser que este mundo hoxe moito ten daquel Santiago do 53 co cólera nas rúas baleiras e as necesidades daquela volven nas almas, santa, volven e precisamos do teu falar.

3.

E ti dis que aquele. Que calme. Disque teño que buscar o xeito de atoparlle fondo e fin a esta noite que me asombra sen día, que en todo está i que é todo. E dis, sacha no campo, malla na eira, lava no río, vai apañar toxiños secos antr'o pinar. Queda na casa, pecha os postigos, foxe da xente, descansa ren, pensa naquelas, nas devanceiras que por ti porfiaron perante a inxusta lei.

4.

Que hoxe son elas quen piden vida, e levas no bico a súa voz. O seu acto. O seu sangue. A súa forza. O seu sentir. O país enteiro cabe nun ferrado de terra de Ortoño, Padrón, Compostela, Bastavales, Muxía, Moaña, Londres, Berlín ... todas esas voces nosas que se espallan na diáspora do país e do mundo, que desexan volver a este mar, a esta Galicia á que ti lle cantabas ás beiras de cada río que mirabas como o Sar.

5.

Non habías ficar silente. Non te habían calar. Na túa liberdade hoxe serían os teus poemas os que definisen a nova normalidade, se tal cousa pode ser. Aínda hoxe saberías

dar forma a como sentimos e encarnala no poema. Aínda hoxe andarías a escribir artigos nos xornais ou na procura da crítica social a un sistema abusivo.

6.

A nós, que permanecemos nesta terra, só nos queda ser e alzar a voz de Rosalía de Castro. Reivindicarte, traerte, engarzarte na gorxa e que se impregne dos teus ritmos avanzados e visionarios para reconstruír o futuro dun pobo.

7.

Neste momento de incerteza, pode ser a ciencia a que nos faga pensar que todo cambio parte dun punto de partida da ruptura do equilibrio. Sexa entón unha oportunidade. Sexa o día do teu aniversario a primeira canción, a esperanza, a resiliencia toda. Sexa o día do teu aniversario o día no que Dios santo premita qu'aquestes cantares d'alivio vos sirvan nos vossos pesares.

8.

Ser Rosalía é un acto de rebeldía, é unha acción política. Cada mirar nos ollos fire coma cen saetas. Non precisamos máis, só mirar. Quen mira a obra de Rosalía entende a muller de vangarda que hai detrás dela, a insubmisa, a creadora do pensamento, a inconformista, a muller valente que elixe a palabra para loitar contra a inxustiza e para crear un país sublime. Ser Rosalía é ollar cara a unha nova normalidade na que só podemos avanzar.

9.

Ás miñas costas as palabras que me faloron de ti, Rosalía. Da túa multiplicidade poética, dos teus cantos de independencia e liberdade, do país debuxado na túa mente que respira ventos de liberdade, da fiestra aberta que redefine a historia na que contan as mulleres, que é contada polas mulleres, do manifesto do poema en vixencia do século XIX ao XXI do errar polo mundo das galegas e galegos todos.

10.

Manifestos de quen falou antes de min e falou ben, manifestos aos que me uno na pregaría, miña santiña, de que hoxe e sempre atopos acubillo no noso cantar.

11.

Miña santasa, meniña gaiteira, cantadora do mar, necesidade do rexurdimento unha vez máis desta nación túa na procura constante da xustiza. Heiche de dar os pendentes por que me deixes bailar.

Te-lo teo, rapaciña.

Teño, santa, non o nego.

12.

Teño o teo de seguir ergueita, cara adiante, na túa lembranza e no teu camiño. Na forza da túa modernidade, na forza da defensa das que nos precisan. Na construción da identidade. No cantar que nos libera, consolo dos mares, alivio das penas. No baile. Na voz.

13

No xeito de nunca nós calar. Así hoxe no teu aniversario, habémoste cantar,
Rosalía.

14.

*Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.*

15.

*Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.*